

Puxedo, nome de lugar

O topónimo Puxedo podería derivar da palabra «puxe», nome que reciben os “anaquiños de espigas na malla”. Para o estudoso Rivas Quintas sería o mesmo que a «puxa» e o «puvín», o tamo do cereal que se forma ao mallar.

Así á raíz «puxe» aparecería unido o sufixo colectivo “edo” (lat. -etu), o que daría forma á voz «puxedo», abundancial de «puxe» ao igual que Abeledo o é de Abelá, Acebedo de Acebo, ou Freixedo de Freixo.

Outros especialistas cren que Puxedo sería un colectivo vexetal, derivado da planta chamada POEXOS (en castelán “poleo” ou “menta poleo”), en latín PULEGIUM.

Mazurca para dos muertos

Camilo José Cela, premio Cervantes e premio Nobel de literatura, cita a Puxedo, A Cela e outras aldeas de Lobios na súa novela “Mazurca para dos muertos” (1983). Ambientada na Guerra Civil, a acción dramática transcorre no rural de Galicia, onde a chuvia se presenta como un referente atemporal e mítico. Escrita en castelán, o seu léxico, a sintaxe, os costumes e os modos de vida que relata son inconfundiblemente galegos.

(...) *Don Brégimo se instaló en casa del ciego Pepiño Requiás, quien le dejó la cama por una peseta, Marcos Albite y Moncho se fueron a Puxedo, a casa de las Laurentinas, y Robín Lebozán y yo nos llegamos a Cela (...)*



Murais en graffiti

Na aldea podemos observar en diferentes fachadas os murais elaborados coa técnica do graffiti polo artista Mon Devane. Todos eles están dedicados ao ciclo do pan: a seitura, a malla, a moenda e a fornada. Tamén hai un mural na Praza de San Antonio dedicado ao gaiteiro Perfecto Rodríguez e outro á labrega Remedios Cabanelas.



A praza de San Antonio

Conxunto formado pola Capela de San Antonio, un peto das ánimas, un palco da música construído a comezos do século XX e catro cruceiros que se dispoñen arredor da praza, na que tamén se ergue un carballo centenariano.

O Peto de Ánimas é un dos de maiores dimensións que se conserva na diocese de Ourense; concibido como un arco de triunfo adovelado e flanqueado por pilastras, preside a praza xunto coa capela, o cruce de camiños máis importante da aldea.

Foi levantado no ano 1798 e o seu retablo é de madeira policromada; está presidido polo Espírito Santo en forma de pomba, debaixo a Virxe acompañada por San Antonio e San Francisco. No rexistro inferior de cada unha destas figuras vese a cabeciña dunha ánima. Coroa o peto un hastial barroco decorado cos instrumentos da paixón de Cristo flanqueado por pináculos piramidais rematados en bóla.

A capela, que loce un cabido aberto porticado ben proporcionado, foi levantada no século XVIII, momento no que –segundo a lenda– foi traída a figura de San Antonio desde Lisboa tirada por un carro de bois. Destaca a espada dun único sino que remata en altura a fachada principal, así como o reloxo de sol situado no muro sur. Nela celébrase misa cada 13 de xuño, día da romaría de San Antonio.

Canastros

Puxedo conta cunha vintena de canastros ou hórreos de tipoloxía mixta (pedra e madeira) dotados cunha cámara rectangular cunha estrutura en cantaría de dous ou tres claros (cada unha das partes nas que se divide horizontalmente o espazo de almacenamento) que foron construídos nos séculos XIX e principios do XX. Neles secábase e gardábase o millo que permitía facer o pan e tamén alimentar o gando. Boa parte dos canastros de Puxedo, que aquí no Xurés carecen da lucida ornamentación que exhiben os doutras comarcas de Galicia, foron restaurados nos últimos anos.



Forno comunitario

O forno tradicional de Puxedo era unha construción de uso comunal que foi vendido para comprar a pólvora necesaria para construír a estrada que une Puxedo coa Vila. Daquela a veciñanza empezara a construír pequenos fornos nas súas casas. Posteriormente as mulleres e homes da aldea decidiron comprar unha corte tradicional para convertela no novo forno da veciñanza. O forno propiamente dito (capela, boca e fornalleira) foi doado por Domingo Fernández Paz.



Peto de ánimas da praza



Praza de San Antonio en 1979

Ata os anos 80 as mallas foron algo vivo en Puxedo, como o proba o tellado de colmo da corte que aparece á dereita da imaxe



Eiras de mallar

Antigamente nas catro eiras comunais de Puxedo a veciñanza mallaba de forma manual o centeo, o cereal propio das terras montañosas “e das terras pobres en xeral” segundo o etnógrafo Xaquín Lorenzo (1962). As eiras da nosa aldea foron construídas con grandes laxes de granito e aparecen rodeadas por un beiril que delimita o seu perímetro, ao tempo que evita a perda de cereal. Arredor delas o terreo estaba dividido en **meras**, pequenas parcelas regulares nas que cada familia levantaba cadansúa **meda** (mollos de centeo ordenados en forma cónica). Na eira os homes mallaban o centeo a un tempo provistos de mallo, un útil que consta de dúas pezas: a manguera –de madeira– que se colle coas mans e o pértigo –de coiro– co que se baten os cereais durante o mes de agosto, un mes despois da seitura.

O cereal dedicábase ao consumo humano (elaboración de pan mesturando centeo e millo) e tamén para alimentar os animais. As mallas comunais deixaron de facerse na década de 1980, coincidindo co inicio da emigración masiva ás áreas urbanas.

A malla xuntaba a veciñanza toda para realizar un traballo comunitario onde as familias se axudaban mutuamente. Como sinala Xaquín Lorenzo (1962) “prá malla chámase ós veciños, homes, mulleres e nenos, xa que todos teñen traballo nela” (...) “o que ten eira propia pode fagué-la malla nela” (en Puxedo hai unha única eira particular, A Eira do Tomás) “mái-lo corrente é que se se faga na eira de todos, entrando en rolda cos demais veciños e agardando que lle chegue a vez”. A malla era un traballo moi esixente que duraba todo o día, de aí que houbese que manter o corpo con broa de pan, cachucha de porco, caldo e augardente.

As mallas manuais, que permitían facer os colmeiros de palla que logo se habían utilizar para colmar as cubertas dalgunhas construcións, foron substituídas polas máquinas **trilladoras e malladoras como a que podemos ver na nosa Aula Etnográfica**, que facían con pouco esforzo físico o traballo de varias persoas.



Aula Etnográfica



Descubre a nosa contorna



A aldea da Cela

41.91012, -8.02772


Localízase a 3,5 km (7 min en coche) desde Puxedo. O topónimo A Cela evidencia a existencia dun antigo cenobio medieval (unha “cela” é unha cámara ou dormitorio individual dun frade) que algunhas fontes sitúan como antecedente do mosteiro barroco de Celanova. A aldea conta cunha pequena igrexa barroca que se levantou coincidindo co abandono do templo románico de Santa María, do que aínda se conservan algúns restos. Á súa beira existe unha eira de mallar construída en granito e rodeada de paleiros. O núcleo destaca polos grandes bolos naturais de pedra nos que se apoiou o ser humano para construír o rueiro (cortes, casas, alpendres, canastros, adegas, etc). Entre a arquitectura tradicional da Cela destaca o forno do concello, integralmente rehabilitado, un conxunto de tres canastros de tipoloxía mixta e unha casa grande construída no ano 1782. Desde O Coto, un grande laxedo situado a 691 metros de altura no centro da aldea, podemos admirar o conxunto do núcleo e tamén os outeiros da Fraga Raxada (891 metros de altura), onde a arqueoloxía sitúa os restos dun antigo castelo roqueiro medieval e a lenda un lugar no que vivían os mouros, os poboadores míticos de Galicia antes da cristianización.



Foxo do lobo de Guende

41.87828, -8.01978

Situado a 970 metros de altura en plena Serra do Xurés, onde tivo lugar unha importantísima actividade gandeira, de aí a ameza lobuna, estamos diante dunha trampa para lobos. Trátase dunha construción de planta oval cun diámetro de 44 m no eixe leste-oeste por 54 m no eixe norte-sur que se sitúa nun promontorio rochoso central, onde os pastores colocaban unha cabra ou unha ovella. Os seus muros, parcialmente rehabilitados na actualidade, foron construídos apoiándose nos afloramentos graníticos naturais cunha mestura de cachotaría concertada e bloques de grande tamaño e presentan unha pequena apertura en forma de porta. Canto estivo en uso, entre a Idade Media e o século XIX, o lobo escoitaría os berros do ruminante, o que o empurraría ao interior da trampa para cazalo utilizando unha rampla construída na parte sur. Unha vez capturada a presa o cánido intentaría saír, pero a elevada altura dos muros da “casa do lobo”, de feitura inclinada cara o interior impediríanllo, quedando así inerme ante os pastores.



O Pozo das Olas

41.893132, -8.019036

O Pozo das Olas é, ademais da principal zona de baño de Puxedo no río Mao, unha das paraxes fluviais máis fermosas de todo o parque do Xurés. O topónimo fai referencia a unha concatenación de grandes cavidades escavadas de forma natural polo río que as converte nunha sorte de piscinas naturais de formas caprichosas e tamaño desigual.



O río Mao

41.90167, -8.02813

Á beira do río Mao localízanse un total de catro muíños de canle que se atopan nun bo estado de conservación. O primeiro deles é o dos Gabiáns e, río arriba, séguelle o do Pontillón, o Muíño Novo e o das Fontiñas. Neste último habilitouse unha área de recreo con mesas de madeira, o que fai del un espazo óptimo para tomar un baño e unha merenda. Máis arriba atoparás o Pozo das Olas (41.89336, -8.01952) un monumento natural extraordinario no que o río escavou no granito unha serie de grandes cavidades concatenadas moi frecuentadas durante o verán.



Puxedo (41.89835, -8.03574) é unha pequena aldea tradicional do concello de Lobios situada en pleno Parque Natural do Xurés-Geres, unha Reserva da Biosfera común a Galicia e Portugal. O medio de vida tradicional deste núcleo estivo vinculado ao aproveitamento da castaña, o viño e os cereais (millo e centeo), e así o evidencian o elevado número de canastros e eiras graníticas que engalanan o rueiro. Nos últimos anos Puxedo, que se sitúa a 7,4 km de Lobios (14 min en coche), colleu nome en toda Galicia polo esforzo dedicado a recuperar todo o seu patrimonio cultural (o forno, os muíños, as rúas, as eiras, os hórreos, etc.) para proxectalo no presente con orgullo, utilizando tamén para iso formas de cultura urbana contemporánea como os murais. A rehabilitación das construcións vinculadas ao ciclo do pan sumouse tamén a apertura dunha Aula Etnográfica e a celebración dunha malla tradicional moi concorrida que se celebra cada ano o 14 de agosto.

GAL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado



iniciativa xove